

**CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NAS
XORNADAS GASTRONÓMICAS A CORUÑA,
QUE BONITO! ORGANIZADAS POLO CONCELLO
DA CORUÑA**

Bases e Formulario de Inscripción



CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NAS XORNADAS GASTRONÓMICAS A CORUÑA, QUE BONITO! ORGANIZADAS POLO CONCELLO DA CORUÑA

O Concello da Coruña convoca á participación de establecementos de restauración en **A CORUÑA, QUE BONITO! Xornadas gastronómicas do bonito na Coruña**.

O obxectivo destas xornadas é potenciar a competitividade do turismo gastronómico da cidade, desenvolvendo produtos e actividades de calidade baseados na identidade do territorio e a súa tradición culinaria, así como apoiar ao sector da restauración e facilitar o acceso á oferta gastronómica da cidade.

Con estas Xornadas, o Concello da Coruña busca tamén potenciar á Lonxa da Coruña como sinónimo de calidade, motor económico e un dos portos de produtos frescos máis importantes de Europa. En definitiva, unha aposta pola dieta e a cocina atlántica como estilo de vida saudable, así como polo produto de temporada e local.

A CORUÑA, QUE BONITO! Xornadas gastronómicas do bonito na Coruña vaise desenvolver do **16 de xullo ao 18 de agosto de 2024**, ambos inclusive.

BASES

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- Poderán participar aqueles establecementos da cidade da Coruña, legalmente establecidos, que pola súa traxectoria profesional e proposta gastronómica se axusten á temática das Xornadas, previa inscrición no prazo e forma establecidos pola Organización.
- Establecese unha participación máxima de 30 establecementos. Non en tanto, o Concello reservase a posibilidade de ampliar o número de participantes en función do número de solicitudes.
- Os establecementos participantes deberán incluír na súa carta un menú, prato ou oferta gastronómica na que o bonito de Lonxa da Coruña sexa o protagonista.
- Todos os solicitantes deberán participar e deseñar as súas propostas gastronómicas baixo a premisa Atlántica, de máxima calidade e excelencia, aceptando propostas tanto tradicionais como innovadoras.
- Cada establecemento poderá participar con tantas propostas como desexe, e ata un máximo de 3 diferentes.
- Se o desexan, os establecementos que dispoñan dalgunha das cervexas da familia 1906 poderán propoñer unha maridaxe coas súas propostas, ao ser marca colaboradora destas Xornadas. Nese caso, deberán indicalo tamén na ficha de inscrición.
- As ofertas deberán estar dispoñibles ao longo de toda a duración das xornadas (do 16 de xullo ao 18 de agosto), xa sexa de xeito simultáneo ou distribuídas ao longo dos días.
- Os locais participantes deberán indicar no formulario de participación cando estará dispoñible a proposta (xantares, ceas ou ambas).

- Só se aceptarán aqueles menús e propostas especialmente deseñadas para as Xornadas, non aquelas que xa aparecen habitualmente nas cartas dos establecementos, co obxectivo de aportar valor e diferenciación ás Xornadas.
- Non se permitirán cambios nas propostas presentadas polos establecementos nas súas solicitudes de participación.
- O prezo da oferta será o establecido polo establecemento. Non se aceptarán cambios de prezo unha vez publicados.
- No caso de que o establecemento desexa incluír algunha das súas propostas no servizo de entrega/para levar, deberá informalo para indicalo correctamente nos materiais publicitarios. Nese caso, só se permitirán envases biodegradables.
- Os establecementos deberán comprometerse a informar ao seu persoal sobre as Xornadas, facilitando a súa vez aos clientes información sobre as mesmas e a composición das propostas gastronómicas.
- Os establecementos participantes deberán respectar as condicións e datas establecidas para a celebración das Xornadas.
- Os participantes deberán comprometerse a dar a maior difusión das Xornadas nos seus perfís sociais, así como a dispoñer de xeito visible dos elementos promocionais facilitados polo Concello.
- A organización reservase o dereito de non aceptar aquelas propostas que non se axusten ás condicións descritas.
- Os establecementos estarán obrigados a aportar un informe final sobre o número de vendas e a colaborar coa enquisa de valoración das Xornadas.

PRAZOS E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

- A inscrición realizarase mediante a cumprimentación do formulario de inscrición correspondente e o seu envío a quebonito@singulaae.es.
- A inscrición deberá acompañarse con foto en formato horizontal de cada proposta para a súa validación.
- O prazo de solicitude de participación finaliza o 19 de xuño de 2024, ás 14:00h. A presentación de dita solicitude non implica a súa aceptación.
- A participación é gratuita.
- Todas as solicitudes serán valoradas pola Organización segundo os seguintes criterios:
 - Propostas que mellor se adapten aos estándares de calidade e á filosofía das Xornadas.
 - Propostas que mellor representen a gastronomía km0, coruñesa e galega, tradicional ou contemporánea.
 - Orde de recepción das solicitudes.
- Se por circunstancias especiais ou de forza maior se aprazara ou suspendera a celebración das Xornadas, o participante comprométese a non exercer recurso algún contra a entidade organizadora, nin esixir compensación algunha polos danos ou prexuízos.
- A solicitude de participación deberá estar debidamente cumprimentada, do contrario non será aceptada.

DIFUSIÓN, DEREITOS DE IMAXE E PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co previsto no Regulamento Xeral de Protección de Datos europeo, informase que os datos de carácter persoal recollidos con motivo de **A CORUÑA, QUE BONITO! Xornadas gastronómicas do bonito na Coruña** serán tratados polo CONCELLO DA CORUÑA, cuxa información identificativa completa figura no encabezamento destas Bases.

Os datos persoais recollidos utilizaranse para xestionar a súa participación na iniciativa. Os participantes deberán aportar información relativa a súa situación profesional durante o proceso de inscrición para garantir a correcta validez da súa candidatura. Asimesmo, trataranse tanto as imaxes proporcionadas ao longo do proceso de inscrición como a imaxe dos participantes, coa finalidade de dar difusión ao evento, vía portais web, redes sociais e outras publicacións relativas a **A CORUÑA, QUE BONITO! Xornadas gastronómicas do bonito na Coruña**.

O tratamento de datos persoais é necesario para o desenvolvemento e execución da iniciativa, sendo esta a base legal de dito tratamento. Os datos serán conservados ao longo do período de desenvolvemento de **A CORUÑA, QUE BONITO! Xornadas gastronómicas do bonito na Coruña**, e, aínda despois, ao longo do tempo necesario para poder responder a posibles reclamacións dos participantes e a efectos de históricos.

Os participantes teñen dereito a obter confirmación acerca de se se está a proceder ao tratamento de datos persoais que lles concirnen, a acceder ao seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos ou opoñerse ao tratamento destes, en cuxo caso unicamente serán conservados para o exercicio ou a defensa de reclamacións

Para iso, poderán dirixir unha comunicación por escrito a, Delegado de Protección de Datos, Praza de María Pita, 1, 15001, A Coruña ou á dirección de correo electrónico delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal, incluíndo en ambos casos unha fotocopia do documento nacional de identidade ou documentación acreditativa equivalente.



FORMULARIO SOLICITUDE

DATOS DO ESTABLECEMENTO

NOME DO ESTABLECEMENTO

DIRECCIÓN

CIF-NIF

TELÉFONO

E-MAIL

WEB

FACEBOOK / INSTAGRAM

DÍAS DE PECHE

HORARIO DE APERTURA

DATOS DE CONTACTO

NOME E APELIDOS

CARGO

TELÉFONO

E-MAIL

PROPOSTAS GASTRONÓMICAS* (CUMPLIMENTAR UNHA FICHA POR CADA OFERTA GASTRONÓMICA)

*Deberase adxuntar foto de todas as propostas.

NOME

MENÚ PRATO ACTIVIDADE ESPECIAL CON DEGUSTACIÓN

APTO VEXETARIANOS APTO CELÍACOS

INGREDIENTES PRINCIPAIS

ALÉRXENOS



PVP (IVE incluido)

DISPONIBILIDADE DA PROPOSTA:

COMIDA CEA TAKE AWAY/DELIVERY

NO CASO DE INCLUIR PROPOSTA DE MARIDAXE CON CERVEZAS 1906 INDIQUE:

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

- Cumpro con todos os requisitos técnicos e administrativos esixibles establecidos na normativa vixente para executar os servizos indicados nas presentes bases.
- Que o solicitante non ten débedas pendentes coa Seguridade Social nin coa Axencia Tributaria.
- Que se dispón de toda a documentación que así o acredita, sendo ésta proporcionada á Organización cando así o requira.
- Que son certos e comprobables os datos que consigna na presente solicitude.

Na Coruña, a _____ de _____ de 2024

Sinatura

Data límite de entrega: **19 de xuño de 2024**